

TEMPO DE MAGOSTOS



A festa do Magosto


O mes de novembro é o mes do Magosto e son dúas as datas máis correntes para a súa celebración: o día 1 de novembro, festa de Tódolos Santos, ou o día 11, festa de San Martiño.



O magosto é a festa de exaltación da castaña que leva asociados moitos elementos presentes en diversos ritos e tradicións da nosa zona.



**Esta festa hoxe en día
celebrase reuníndose os
amigos para asar as castañas
e seguidamente comelas e
xogar, bailar, contar contos
cantar, etc.**



**É común tiznarse a cara uns aos outros
cos restos da fogueira e saltala para
que dea boa sorte.**

**Festa de mozos e mozas, eles traen o
viño tinto novo -o primeiro da colleita
do ano-, mentres elas xuntan os froitos.**



En Ourense polo *San Martiño* celébranse reunións en casas e barrios durante as que se comen castañas asadas acompañadas por chourizos e polo primeiro viño tinto da colleita do ano.

Como di a cantiga:
*"Polo San Martiño
faise o magosto
con castañas asadas
e viño ou mosto".*



**Trátase dunha comida
comunitaria e ritual
que reforza os
vencellos entre os
veciños.**

**Ten tamén un carácter
alegre e de acción de
grazas polos froitos
recollidos.**



**Tamén é unha homenaxe aos *castiñeiros*
e ás *castañas*.**

OS ELEMENTOS BÁSICOS DO MAGOSTO

O elemento principal e imprescindible é castaña.

En segundo lugar, o lume, que representa o sol, purificador e fecundador da terra.

Outro elemento importante é o viño, que é o sangue da terra.

E, ademais, podemos engadir chouriza, empanadas, patacas para asar no lume, pan de centeo e millo, ou augardente para a queimada (tamén rito de purificación.)



A ORIXE DA FESTA

É unha festa de orixe pagá que logo foi cristianizada.

Ten ingredientes dos rituais celtas: o lume, a coincidencia coa fin do verán, etc

É unha festividade relacionada co culto á fecundidade; de aí a súa relación directa co lume, representando ó sol, deus fecundador da terra.



Ao cristianizarse, foi asociada aos santos e defuntos, por iso se festexa o 1 de novembro, por ser unha comida que simboliza a morte do ciclo solar anual.

Máis tarde nas terras de Ourense pasou a celebrarse o día 11 de novembro, festividade de San Martiño de Tours, patrón da cidade das Burgas.



Segundo crenzas antigas a castaña era como un símbolo da ánima dos defuntos. Tradicionalmente outono, castaña e defuntos aparecen asociados na festa dos magostos.

Cada castaña comida é unha alma liberada do purgatorio.



Dise tamén que despois da festa as almas vinan a quentarse nas brasas das fogueiras, polo que cumpría deixar algo de castañas para a parroquia dos mortos.



REFRÁNS

Polo San Martiño, castañas e viño.




Castañas, noces e viño, fan a ledicia do San Martiño.

Polo San Martino vai ver o teu soutiño.

A castaña que está no camiño, é do veciño.

**As castañas que despois do San Martiño
quedan no souto, son do moucho.**



**Fíate das castañas asadas, que se estoupan
sairanche á cara.**



**Polo San Martiño, deixa a auga, come
castañas e bebe o viño.**

Cada crouco no seu souto.

Se xantas castañas, de visita non vaias.

Tan honrado é o caldo coma as castañas!



**Con castañas asadas e sardiñas salgadas
non hai viño ruín.**



Antes de San Martiño, pan e viño; despois
de San Martiño, fame e frío.



ADIVIÑAS

**Que cousa cousiña é
que pica moito por fóra
e por dentro sabe ben?**



**Altos pais,
capeludas nais,
os fillos incha-foles,
adiviña ti, se podes.**

**Alto me vexo
no meu lugarexo.
Por unha risada
perdín a miña anada.**



**No alto estou
color de ouro teño
e por unha risotada
perdo o que teño.**

**Alto vivo,
mírame a xente
e se me río
quedo sen dente.**



**Unha cousiña cousa,
criada no monte,
enxoita na casa
e cómese sen tasa.**

**Son verde e non son limón,
son moura e non son carbón,
son vermella e non son sangue,
son branca e non son papel,
Que cousa cousiña son?**

**Cal é a cousa, cal é ela,
ten tres capas de inverno:
a primeira mete medo,
a segunda é lustrosa
e a terceira é amargosa?**



**Ten pelexo como a xente
e é moi boa para comer.
Chega polos mes de Santos
e todo o ano a tes.**

**Unha cousa que vive na devesa
e vaille picar o cu á artesa.**



**Alto Martín Cabaleiro
rompeume a bolsa
e perdín o diñeiro.**

**Eu nacín dentro dun berce,
onde ninguén tocar ousaba:
quen puña a man non tornaba...
Entre cidades e cortes
me desexan ver crecida,
e as mulleres preguizosas
comigo gañan a vida .**



A close-up, high-angle shot of a large quantity of chestnuts. The chestnuts are densely packed, filling the entire frame. They have a characteristic reddish-brown, glossy shell with some lighter, scaly patches. The lighting is bright, creating highlights and shadows that emphasize their rounded, smooth texture. Overlaid on the center of the image is the word "CANTIGAS" in a large, white, serif font. The letters are slightly transparent, allowing the chestnuts underneath to be visible. The overall composition is a textured, monochromatic study of the chestnut's form and color.

CANTIGAS

**San Martiño de Ourense,
bota as castañas embaixo,
pero bótaas ben grandiñas
que ás pequenas non me abaixo.**



**Non chas quero, non chas quero,
castañas do teu magosto;
non chas quero, non chas quero,
que me cheiran ó chamosco.**

**Acabáronse as vendimas
e veñen as esfolladas,
para comer coas meniñas
catro castañas asadas.**



**As castañas son castañas,
os ourizos son ourizos;
os ollos da túa cara
para min son dous feitizos.**



**Has de cantar
que che hei de dar zonchos;
has de cantar
que che hei de dar moitos;
has de cantar e has de cantar,
has de cantar
que chos hei de dar.**



**A castaña no ourizo
quixo rir e rebentou.
caendo castiro abaixo
mira que golpe levou.**



**Moza que estás no canizo,
bota castañas embaixo,
que anque non teño mandil
apáñochas co refaixo.**



—Miña nai, doime a barriga.

—Miña filla, confesión.

As castañas que comiches,
de que castiñeiro son?





POEMAS

Castaños de Dormeá,
os do corpo ben comprido,
de graciosa estatura,
dobrados e ben seguidos:
iouh! Castaños somellantes
ós celtas nosos antigos;
a quen as edras demostran
amor, con abrazo amigo:
os arrebatados ventos
do mes bretumoso e frío
de Xaneiro, entre vós fungan
dando doentes suspiros:
e o musgo dos vosos gallos,
ermos e desgornecidos,
ó impulso das duras ráfagas
vai lonxe caer rompido...



EDUARDO PONDAL

Vén onda nós o outono
dacabalo do aire;
nos camiños da fraga
os ourizos a abren.
Síntoo chegar contento
da eterna viaxe
enredando entre as follas,
estreando friaxe.



ANA M^a FERNÁNDEZ,
Ondas de verde e azul,
Xerais

Conto

"Debaixo dun castiñeiro
paseando unha galiña
caeu degarado ourizo
e un golpe lle deu na crista,
bota a correr a galiña
e dille de présa ao galo:

-Fuxa, señor galo, fuxa,
que cae o ceo en anacos.

-Quén llo dixo, Sra. galiña?

-Sentín un na coroniña.

Apreta o galo a correr

e, co raposo encarando:

-Fuxa, -dille,- señor Pedro,
que cae o ceo en anacos.

- Quen llo dixo, señor galo?

-Dixo a señora galiña.

-Quen llo dixo, Sra. galiña?

-Sentín un na coroniña.

Bota o raposo a correr
e, atopando o can ao paso:
-Fuxa, -dille,- señor can,
que cae o ceo en anacos.

-Quen llo dixo, señor raposo?

-Díxomo o señor galo.

-Quén llo dixo, señor galo?

-Dixo a señora galiña.

-Quén llo dixo, Sra. galiña?

-Sentín un na coroniña.

Bótase o can a correr
e co lobo tropezando:

-Fuxa, -dille,- señor lobo,
que cae o ceo en anacos."

(Trad. oral.


Recollido por Marcial Valladares)



CREENZAS E
PERSTICIÓN

**O castiñeiro ten os mesmos poderes máxicos
ca o carballo. Pero a sombra do castiñeiro
dá mala sorte.**

**Ao cortar a árbore sae o demo que pode
quitarlle a vida se non se lle entrega un fillo
ou filla.**



As castañas son consideradas coma froitos funerarios, cómense a véspera do Día dos Defuntos ou déixanse para que os mortos as coman durante a noite.



**Pisar unha castaña, ao ir polo monte,
fai que esa persoa non teña nunca
amores.**

**Levar unha castaña
no peto dá boa sorte.**




Soñar con castañas crúas, é aviso de ter que facer algo urxente. De seren cocidas, é que a persoa é moi débil de carácter. Se son asadas, é un aviso de precaución.



A close-up photograph of a chestnut in its spiky husk. The chestnut is a deep reddish-brown color and is partially visible through the golden-brown, spiky husk. The background is dark and out of focus, showing some green leaves. The word "ASTRONOMÍA" is overlaid in large, bold, yellow capital letters across the center of the image.

ASTRONOMÍA

**Son numerosos os pratos
que podemos realizar coas
castañas.**



**Podemos comelas asadas,
cocidas, con leite...**



Marmeladas, cremas, purés, compotas, marrón glacé...





Tortas e biscoitos...



Croquetas



Xeados

Flans

Pero hoxe:

Estamos de magosto!





San Martiño 2009

IES AS LAGOAS

Celia Díaz